

2010, as letras de Uxío

Débora Álvarez Moldes
Galegoko Lektorea / Lectora de Gallego



Laburpena

Artikulu honetan, *As Letras Galegas* jaia ezagutarazi nahi dugu. Egun horretan, literatura galiziarra da protagonista, eta zehazki, Galiziako Errege Akademiak aukeratutako egile bat. 2010. urtean, Uxío Novoneyra poetaren irudia ohoratu dugu. Poeta horrek, hain zuzen, XX. mendeko korronte berri-tzaileenak sustrai abertzale indartsu eta intimistarekin uztartzea lortu zuen. Hona hemen poeta handi honen bizitzan eta obran barna egindako ibilbide labur bat, bere lana aztertu duten hainbat literatur kritikariren hitzak oinarri hartuta.

Resumen

En este artículo queremos dar a conocer la festividad de *As Letras Galegas*, día en que la literatura gallega es la protagonista y más concretamente un autor escogido por la Real Academia Galega. En este año 2010 se honra la figura de Uxío Novoneyra, poeta que consiguió aunar las corrientes más innovadoras del siglo XX con una fuerte raíz patriótica e intimista. A continuación podrán disfrutar de un breve recorrido por su vida y obra, a través de las palabras de algunos de los críticos literarios que han analizado su obra.

O 20 de marzo de 1963 tres membros numerarios da Real Academia Galega solicitaron que o día 17 de maio se consolidase como a onomástica da literatura galega, así naceu a celebración do Día das Letras Galegas.

A historia comeza cun escrito enviado ao entón presidente da Real Academia Don Sebastián Martínez-Risco Macías asinado por Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo, nel expoñían a necesidade de que se realizase unha celebración anual na que se loubase o *“latexo material da actividade intelectual galega”* e propuñían como data de celebración o 17 de maio. Con esta data, a que aparece na dedicatoria que Rosalía de Castro fai a Fernán Caballero no seu libro *Cantares Gallegos*, pretendían deixar constancia da importancia da publicación deste volume e da necesidade de poñer en relevo a obra no ano que se cumpría o primeiro centenario da publicación.

A proposta saíu adiante e esta pequena celebración, que comezou case integramente na cidade da Coruña e dedicada, como non podía ser doutra forma, a Rosalía de Castro, transformouse co paso dos anos nunha data referencial para a cultura galega. Hoxe 47 anos despois a nómina dos autores homenaxeados déixanos un pavillón de ilustres da literatura galega que gozaron no seu día dunha difusión impensable para a literatura dunha lingua por normalizar. Chegando dentro e fóra das nosas fronteiras a toda a sociedade, converténdose, porque non pensalo, nunha das primeiras e máis grandes campañas de difusión cultural.

Dende aquela data do 28 de abril na que se celebra a Xunta ordinaria da Real Academia Galega, quedou ratificada e apoida a idea daqueles mozos intelectuais, permanecendo como un dos labores máis importantes que realiza a Real Academia Galega a elección do autor ou da autora homenaxeada. Tal e como vemos nos seus estatutos:

(Capítulo 1, Artigo 2):

Son finalidades da Real Academia Galega

Decidi-la personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o Día das letras Galegas.

(Capítulo 2, Artigo 7):

Na primeira reunión despois do Día das Letras Galegas, o Plenario da RAG escollerá o persoeiro a quen se lle dedicará esa conmemoración no ano vindeiro. A figura elixida deberá ser autora dunha obra relevante en galego e persoa de calidade cultural e humana que mereza propoñerse como exemplo á sociedade galega de hoxe. En calquera caso deben pasar dez anos entre a súa morte e a designación para ese día. As propostas, razoadas e asinadas por un mínimo de tres académicos, deberán incluírse na convocatoria do Plenario correspondente.

Hoxe a maio de 2010, o nome de Uxío Novoneyra dará a volta ao mundo nunha serie de actos e homenaxes onde o centro de atención será non só a súa obra, senón tamén a súa calidade cultural e humana que sabemos será exemplo de moitos galegos e non galegos.

Uxío Novoneyra, nace o 19 de xaneiro de 1930 en Parada de Moreda, O Courel (Lugo) espazo que marcará a súa escrita e a súa filosofía de vida. Críase no seo dunha familia campesiña acomodada o que lle vai permitir acceder ao ensino e á cultura. Así realizará os seus primeiros estudos na cidade de Lugo, o bacharelato, e posteriormente viaxará a Madrid onde se matriculará como oínte na Facultade de Letras. En Lugo é onde coñecerá o que será o seu amigo e compañeiro de xeración, o poeta Manuel María. Por estas datas, 1947, xa aparece no Courel a escritora María Mariño, que xunto con Manuel marcarán a vida no Courel e a escrita de Uxío. En 1949 xa está en Madrid onde comeza o seu labor poético, mais en castelán, publicando textos na revista universitaria Bengala. Tamén temos novas da existencia dunha obra inédita en castelán titulada *Desde las cosas*. Nesta etapa é cando comeza o Uxío “dici-dor” como lle gustaba que se referisen ao seu labor de recitador, será nas aulas da universidade e no Teatro Lara onde comezará a realizar recitais poéticos.

Moitas das ensinanzas que o propio Uxío vai aproveitar non debeñen dunha formación académica *stricto senso*, senón que as atopará a través da súa relación con intelectuais do momento. O servizo militar foi unha desas oportunidades para relacionarse con persoeiros de peso social, Uxío vai ser chamado a realizar o servizo entre as cidades de Santiago, A Coruña e Lugo e sempre acompañado do seu inseparable, Manuel María. Neste ano, 1953, será cando entre en contacto con algúns persoeiros como Carlos Maside, Ramón Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro quen serán os que o poñan en contacto co ideario galeguista. Vai ser nestas cando Uxío contraía unha enfermidade pulmonar que o levará de novo ao Courel, entre 1953 e 1962, onde no seu retiro comezará a escrita de *Os Eidos* (Galaxia, Vigo, 1955), que lle dedica a Maside e que vén prologado por unha carta de Ramón Piñeiro. Nestas datas de estadia no Courel, atopamos a participación de Uxío no acto Homenaje a la Poesía Gallega en 1957, onde de maneira inesperada Uxío utiliza o idioma galego no seu discurso. Sería esta a primeira vez que na posguerra se utilizaría o noso idioma nun acto público, feito que evidencia, e non deixa lugar a dúbidas, o seu alistamento nas filas do galeguismo.

Entre os anos 1962 e 1966 volve a Madrid onde participará en espazos radiofónicos e televisivos centrados en poesía, como *Versos a media noche* e *Poesía de imagen*. Vai ser nesta época cando participe activamente da vida social e cultural que lle ofrece a cidade, asistindo ás xuntanzas no Café Gijón, onde coñecerá persoeiros como o poeta Carlos Oroza, o pintor Tino

Grandio e artistas plásticos como Urculo e Viola. Tamén será aquí onde se poña en contacto co Grupo Brais Pinto, así o pintor Reimundo Patiño, o político Bautista Álvarez, e os escritores Bernardiño Graña, Xosé López Ferreiro ou Xosé Luís Méndez Ferrín ,que aínda permanecían na capital, participarán da vida do autor. Coincidindo con esta época aparece a obra *Elegías de Madrid* que unida aos poemas “Primera verdad y tiempo con nombres” e “Elegías del Caurel”, van formar o libro *Elegías del Caurel y otros poemas*, publicado en 1966. (Rialp, Madrid, 1966).

O ano 1966, é cando o escritor volve ao Courel por razóns familiares. Neste tempo será cando coñeza a Elba Rei coa que formará unha familia e terá tres fillos. A familia Novoneyra pasará a vida entre Lugo e o Courel ata 1983. Aquí, e seguindo as peticións da súa dona, Uxío vai retomar a súa obra *Os Eidos*. Esta vai ser unha constante na vida do escritor, xa que a súa meticulosidade vaino levar a revisar a súa obra constantemente ao longo da vida. Nesta ocasión a revisión produce *Os Eidos 2*, onde recolle a primeira obra de *Os Eidos* e algúns poemas máis que seguen a mesma inspiración escritos entre 1954 e 1957. Nesta nova edición ilustrará os textos cos debuxos do seu amigo Laxeiro. As distintas colaboracións con pintores e ilustradores que Uxío vai utilizar en moitas das súas publicacións, xa nos pon en antecedente da importancia que a arte ten para este, e o fondo interese que o levará a buscar outras formas de expresión como a escultura e os gravados, que se reflectirán na súa poesía buscando o efecto visual desta . Esta característica estará presente de maneira especial na súa seguinte publicación, *Poemas Caligráficos*, onde as influencias das vangardas europeas, da literatura chinesa, da escritura ornamental da arquitectura árabe ou a pintura graffiti dan como resultado unha serie de poemas nos que a imaxe e a disposición do texto transmite tanto como as palabras que utiliza o autor.

En 1983 trasládase a Santiago de Compostela, onde vai realizar un traballo moi especial e importante para el. Será nomeado presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, cargo que ocupará ata a súa morte en 1999. O seu traballo para a Asociación vén moi ben definido polo escritor Darío Xohán Cabana quen dixo del que reunía na súa persoa toda a dignidade da condición de escritor. Este nomeamento deixa claro o status do que gozou en vida o escritor, vai ser neste tempo cando se comecen a publicar lecturas e análises da súa obra e o seu posto no Olimpo dos escritores galegos xa é indiscutible. Testemuño disto son as publicacións de Claudio Rodríguez Fer¹,

¹ CLAUDIO RODRÍGUEZ FER (1980) “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra”. En *Grial* N° 68, pp 144-160.

Anxo Tarrío² ou Méndez Ferrín³, así como a inclusión da súa obra de *Os eidos* dentro da edición da Colección de Grandes Mestres.

Ao mellor como consecuencia desta nova posición no mundo literario galego e incrementado pola necesidade de revisión e reescritura que o obriga á busca incansable da pureza da linguaxe e da busca da esencia desta, é a nova reagrupación da súa obra e publicación de antigos escritos inéditos. Este é o caso de *Muller para lonxe* de 1986, conxunto de poemas eróticos e amorosos, ilustrado por Carlos Pardo Teijeiro e cun epílogo de Claudio Rodríguez Fer. Outro exemplo podémolo atopar en 1988 no libro *Do Courel a Compostela*, onde vai reunir escritos de carácter político e social producidos entre 1956 e 1986. Aquí podemos ver o poeta máis comprometido que é capaz de pasar dos problemas do eu aos problemas do nós pasando do existencialismo á crítica social.

Moi interesante, e tamén significativo deste refacer e reelaborar da súa obra, é a publicación de 1988 *Basterrak /Os Eidos I e II*, libro cun prólogo de Koldo Izaguirre no que deixa de manifesto a súa relación co pobo vasco nesta edición bilingüe.

A década dos 90 aínda sendo a derradeira da súa vida non deixou de ser unha etapa de produción constante, quizais polo peso da crítica ou quizais pola necesidade de pechar o conxunto de cousas que tiña que deixar feitas. Deste momento son fillos *Poema da doada certeza i este brillo premido entre as pálpabras* e unha das súas colaboracións máis inesperadas en *Camelio xaponés* obra escrita con Ayaku Sugitane nunha versión galego-xaponesa.

Non podo, nin quero esquecer nesta achega sobre Uxío o seu traballo na prensa galega, que aparecerá reunido en *Lendas de a caballo*; a súa incursión no eido do ensaio con *Dos soños teimosos* (1998); así como os escritos para o público infantil cos contos: *O Cubil do xabarín*; *Gorgorín e cabezón e Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*. De forma posterior ao seu pasamento, en 1999, aparece a obra *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, onde atopamos novamente poemas caligráficos e fotografías de García Cabezón que complementan o efecto visual da publicación.

Para entender o legado que Uxío nos deixou só podemos partir da súa primeira conformación. Así haberá dous feitos fundamentais que marquen a personalidade do autor: un, o lugar onde nace e pasa a súa primeira infancia, O Courel, que se converterá nun espazo mítico e protector no que o autor se sente comprendido; outro, o feito de vivir a convulsión social que rodea os anos da súa infancia, en plena Guerra Civil e posguerra, marcas

² TARRÍO, ANXO (1981) *O iceberg poético de Novoneyra*.

³ MÉNDEZ FERRÍN, X.L (1984) *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.

que non podían senón que facer un escritor cívico e social. É un poeta que escribe dun pobo e para ese mesmo pobo, tentando levar unha verdade absoluta adiante, esa verdade é a poesía.

Porén non podemos entender o seu labor poético se non nos paramos na súa especial concepción da figura do escritor, e da poesía:

Aínda concibo a función do escritor como función máxima e no cas galego a Literatura como misión, como gardadora do pasado, como veladora e adiantado do porvir, aínda que so se adianta o que está en nós. O feito de que Galicia sexa unha nación sen estado, mal articulada e representada, carga moita responsabilidade no escritor.

Demasiadas vaguidades cando se fala do demasiado próximo cando se fala sen unha mínima distancia. (García Negro, 2005:57)

Recordando a misión do bardo, Uxío deixa clara a súa idea da misión educativa, social e política da poesía. Facetas que non se poden dissociar nin da figura do autor nin da poesía, unha poesía evasiva non vai romper as relacións de opresión e os desequilibrios que mostra a sociedade moderna:

De tanto calar xa falo eu solo (“Letanía de Galicia”).

De igual modo que tiña unha clara definición da poesía e do poeta, tiña clara a necesidade de retomar as vellas características da poesía. A poesía non debía ser entendida como un simple texto harmonioso feito para o goce individual da lectura, senón que debía retomar as características coas que nacía xa na lírica trobadoresca e non perder de vista o feito oral e a musicalidade desta a través da recitación. Pode estar aquí a causa da importancia dos xogos de sonoridade do autor, o gusto polo fonosimbolismo, e o traballo posterior á escrita e relacionado coa recitación que facía. Uxío foi un gran “dicidor de poesía” e nel as técnicas da máis antiga retórica retomábanse e actualizábanse para se pór ao servizo da poesía, ou ao mellor simplemente facía uso do sistema de oralidade aprendida de neno ao carón dunha lareira. A súa obra nunca será a mesma despois de oíla dos seus beizos.

A Uxío gustáballe moito recitar ou “dicir”, pois era unha arte que dominaba, e sabía exercer o control da palabra, sabía imprimir a entoación precisa, sabía buscar a emoción en cada momento. Os seus recitais eran sempre un espectáculo abraiante, entrañable, un acto de intimidade, de emotividade. O dramaturgo Alfonso Becerra, que o tratou, dixo sobre isto: “gustaríame reivindicar o particular uso que fai do dicir, a plasticidade coa que modula a voz nos recitais, que transmita diferentes tesituras, volumes, rimos, intensidades e rexistros (Alonso, 2010: 88).

Ao facer unha primeira lectura da súa obra o trazo máis relevante que chama a nosa atención é a súa singular visión da natureza e dunha natureza

concreta, a Serra do Courel. Este *locus amoenus* vai ser o centro de protección íntima, co que o autor pode chegar a unha comunión íntima perfecta.

Con Uxío Novoneyra acontece a milagre de que a natureza tome voz propia. O poeta do Courel recolleu os ritmos da paisaxe, a sonoridade da natureza. A expresividade anónima e anterga da toponimia, tatuando o nome do lugar. Rexistrando a intimidade coa natureza, nunha simbiose panteística (...) A Novoneyra hai que o poñer xunto con Rosalía e gardar o segredo e a maxia das palabras. Son un prisioneiro da lingua: dicíalle a Elba, el que era todo liberdade. Novoneyra é un artesán da soidade das verbas: como un labrego-zen escoitando o silencio da palabra (Patiño, 2005:11)

A natureza de Uxío preséntasenos como parte do ser humano e o ser humano como parte dela. A través dunha visión telúrica e metapaisaxística⁴ será este espazo o que resolva as dúbidas existenciais do autor: o sentido final das cousas, da humanidade e do individuo.

Os poemas coureláns van aínda máis alá e preséntannos unha vivencia total –física, sensual e mental– da natureza, que lle dá á obra un extraordinario valor cultural e antropolóxico. Efectivamente, esta peculiar vivencia do contorno natural parece ser unha nota característica da tradición autóctona galega, segundo nos demostra a antropoloxía. Da mesma maneira, está moi presente na literatura galega, polo menos nunha corrente cultural que se remonta á lírica dos cancioneros medievais, pasa polas creacións da literatura folclórica e maniféstase en individualidade da literatura contemporánea, con Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Otero Pedrayo ou Xohana Torres. Por outra parte, non podemos esquecer a xa longa tradición da denominada escola paisaxística da provincia de Lugo, na que se inclúen autores, algún deles tan distintos como Manuel Leiras Pulpeiro, Antón Noriega Varela, Aquilino Iglesias Alvariño, Xosé Crecente Vega, Xosé María Díaz Castro, Manuel María e o propio Novoneyra (Blanco e Rodríguez Fer, 1990: 32)

Quizais foi O Courel a base desta concepción particular da relación entre ser humano e natureza, quizais simplemente a grandiosidade desta natureza non podía senón que facer asumir a pequenez do ser humano. Este espazo representaba o recollemento, o illamento, a quietude, a calma, a inmovilidade necesarias para que o poeta sentise a soidade e silencio como punto de partida para autoanalizar o eu e o nós. Podemos ver nesta posición persoal do autor quizais pegadas da filosofía Zen, quizais a base do existencialismo,

⁴ Termo acuñado por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco. Unha poética que versa sobre a natureza en sentido amplo, sen buscar a súa descrición física, senón procurando nela o o sentido último das cousas, da humanidade e da propia individualidade.

quizais pannaturismo, panteísmo ou simplemente a necesidade da reflexión interior e das interrogacións transcendentais propias do ser gregario.

A natureza de Uxío preséntasenos como un conxunto de flora, fauna e ser humano que debemos conservar. Introduce así unha certa inspiración ecolóxica e nacionalista, xa que identifica a natureza co ser tradicional galego e a Serra do Courel con Galicia. Nesta concepción da natureza como conxunto, como cosmos pechado e vivo recórdanos o hilozoísmo vangardista galego, onde o aire, os camiños están personificados, os dialectalismos reiteran a idea de tradición, e os fenómenos meteorolóxicos non deixan de recordarnos a unidade que conforman espazo, fauna e ser humano.

Este trazo diluído e quizais secundario do nacionalismo propio das primeiras obras, muda directamente cara un compromiso político e social férreo que o coloca ao lado dos que sofren as inxustizas da sociedade do século XX. E dicimos ben sociedade do século XX por que os escritores galegos deste tempo aínda seguindo un compromiso social coa súa terra, Galicia, non deixan de facer súas as denuncias do pobo vietnamita, ou do estado Chileno, entre outras desigualdades que a opresión capitalista e imperialista deixaban na vella Europa e no resto do mundo. Uxío vaise identificar cos pobos sometidos e cre neles, a través desa relación de identidades que el fai do Courel, propicio para a soidade e o silencio que favorecen o soño que neste caso non remite a outra cousa que a esperanza na especie humana. O propio autor dános pistas sobre esta radicalización da súa poesía social:

En todo este tempo que estiven en Madrid, algo me fun cargando dese ambiente, algo presentía que unha nova dirección ía coller a miña poesía; inda que curiosamente durante toda a estancia en Madrid, do 62 ó 66, esa nova palabra non vén. Eu sigo escribindo co mesmo xeito que cando estaba no Courel. É precisamente no 66, ó volver ó Courel cando empezo a escribir influído polo clímax de Madrid, por todo aquilo, por toda aquela esperanza (García, 2010:225)

No que respecta a reivindicación máis próxima e galega non deixa esquecidos problemas que xa toman directamente dos escritores do Rexurdimento como as miserias das clases populares, a fame, a emigración. Hai unha loita que vai implícita na poesía de Uxío, que é a loita polo idioma, o autor non nos deixou moitas reflexións sobre o uso da lingua galega, debemos ter presente que o simple feito de publicar en galego xa identificaba unha orientación política e vital. O que si podemos deslindar da análise dalgunhas verbas é que a linguaxe tamén forma parte dese ente totalizador chamado natureza que se identifica co Courel e con Galicia, así toda a sabedoría dun pobo está presente no seu idioma:

A fala é o único sitio onde seguen vivos os antepasados, a única forma audible de supervivencia. Quizais por iso a Lingua ten esa cousa que ten, ademais de valer para a comunicación (Ínsua, 2005: 44).

Outra dimensión que atopamos na súa poesía é o intimismo, onde o poeta abre o seu corazón e nos fala dos seus sufrimentos pola soidade, pola certeza da morte, polo amor, e as alegrías dunha persoa forte e vital.

Como en toda análise dun poeta é evidente que non podemos entender estas tendencias como unitarias e independentes, senón que todas as referidas conforman o estilo único de Novoneyra, pode ser que nunhas obras ou composicións predominen máis unha tendencia artística ou outras, mais todas elas definen a este autor. Seguindo esta análise recordamos a reflexión de Claudio Rodríguez e Carmen Blanco que na súa edición crítica de *Os eidos* categorizaba a obra de Uxío da seguinte maneira:

Desde o punto de vista do contido, conviven as dimensións cósmico-telúrica, existencial e socio-política. Estas aparecen, unhas veces integradas nun canto único e totalizador; outras agrupadas dúas a dúas, xa sexa nun binomio telúrico-existencial, político-existencial, ou socio-telúrico; e, en moito menor medida, dunha maneira independente (...) *Muller para lonxe* recolle a temática erótico-existencial; *Do Courel a Compostela*, a socio-política; e *Basterrak/Os Eidos*, onde predomina claramente o canto telúrico, combinado co existencial. Aínda así, este carácter tridimensional aparece na mesma estrutura de algúns dos libros. Isto ocorre de maneira evidente en *Elegías del Caurel*, onde atopamos as dominancias existencial, telúrica e social (...) en cada unha das tres partes (Blanco e Rodríguez, 1990: 17).

Finalmente gustaríame retomar as características básicas do estilo de Novoneyra antes de que poidan aprecialas directamente na súa poesía. Falamos xa da súa linguaxe clara, depurada de requintamentos e esencial; do gusto polos recursos tipográficos que xogan aquí un papel moi importante para marcar e recalcar o silencio. O silencio do autor que di moitas veces máis do que as palabras (*Que as palabras non tapen o silencio, xa que se trata dun silencio significativo*). A sonoridade das palabras, utilizando a variedade dialectal propia, os xogos sonoros do fonosimbolismo, a presenza directa da terra a través da toponimia crea unha nova linguaxe. A concepción da obra como un todo onde as ilustracións e imaxe visual do poemario recorda o seu especial gusto pola pintura. Todos estes trazos que nos remontan a influencias tan distintas e distantes como a literatura medieval (a través do neotrobadorismo) ás vangardas europeas; ou incluso a poesía beat; sen deixar de lado o exótico que atopa na literatura oriental e nalgúns culturas indíxenas e ancestrais; ou incluso nos movementos plásticos da

action painting onde o proceso de creación e de recepción da obra de arte forman parte do obxecto final. Por todo isto Novoneyra é o grande escritor do século XX, moitas veces esquecido na súa visión socio-política, ou reducido á definición de “Cantor do Courel” escondeu a introdución da modernidade na poesía social.

BREVE ANTOLOXÍA POÉTICA DO AUTOR:

LETANÍA DE GALICIA

GALICIA digo eu / un di
GALICIA decimos todos
 astr’os que calan din
 e saben

GALICIA
GALICIA
GALICIA
sabemos

GALICIA da door chora
GALICIA da tristura triste
GALICIA do silencio calada
GALICIA da fame emigrante
GALICIA vendada cega
GALICIA tapeada xorda
GALICIA atrelada queda

á forza
á forza
á forza
á forza
á forza
á forza
á forza

libre pra servir
 libre pra non ser
 libre pra morrer
 libre pra fuxir

libre pra servir
libre pra non ser
libre pra morrer
libre pra fuxir

GALICIA labrega
GALICIA mariñeira
GALICIA obreira
GALICIA irmandiña

***GALICIA** nosa*
***GALICIA** nosa*
***GALICIA** nosa*
***GALICIA** viva inda*

recóllote da terra
 recóllote do pueblo
 recóllote da **HISTORIA**

estás mui fonda
estás nil toda
estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
 no verbo verdadeiro que fala o pueblo

**recóllote prós novos que vein con forza
 prós que inda non marcou a malla d'argolas
 prós que saben que ti podes ser outra cousa
 prós que saben que o home pode ser outra cousa**

*sabemos que ti podes ser outra cousa
 sabemos que o home pode ser outra cousa*

/a parte en cursiva diraa o coro /

De tanto calar xa falo só

VIETNAM CANTO

**CUMES CUMES CUMES COM'ESTES ECHEN
 UNHA VEZ POR CADA MORTE**

**VIETNAMMMMMMMMM
 VIETNAMMMMMVIETNAMMMMMMMMMMM
 VIETNAMMMMMMMMM**

**metan na casa a verba na cociña na mesa na cama xa está
 e calar calarcalaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaarr
 hastr'o berro que te acusa USAUSAUSAUSAUSAUSA**

**un
 morto
 dous mortos
 tres / trinta mortos
 trescentos / tres mil mortos
 OFENSIVA DO TEIT 22000 / 100000 mortos
 tódalas os se volven ceros 00000000000000000000
 baixo de cada un 10 / 100 / 1000 / 10000 mortos á máquina
 difuntiños que a noite acolle entre cañas baixo o torbón
 do monzón
 na lua do TEIT
 dá vergonza vivir
 dá vergonza estar vivo e ver a PRIMAVERA**

e
ollamos por quén.

non son eu tamén
quen eiquí quedo
que estou matando eilí
luxando GALICIA como luxan
KANSAS NEW JERSEY CALIFORNIA COLORADO
IOWA
nomes tan limpios?

perdón por esta paz
PAZ en carteles xunto a COCACOLA
PAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZ
pra tapar tanto tanto
muro

valeiránolos nomes
mais inda
indainda pobo
podo decir o teu con forza
inda se pode decir o teu nome dos que alá cain
podemos

deles temos de novo nome:
home pobo
/ MARÍA MARIÑO dinamiteira da FALA /
home- pobo
home- pobo

aquí por siglos foi un pobo como é o meu
o meu por anos foi un pobo como é aquíl

IRMANDIÑOS DE GALICIA VIETCONG

entre miña mai ANA amos iles
entre iles amor ANA ti
tres estudantes en LUGO sin os nomes

en VIGO MÉNDEZ FERRÍN co'il
e vós MARÍA MARIÑO CHÉ bágoas 1967

non

eu sei que cantar non é igoal
perdón tamén por iste tempo cas palabras
aunque sinceiras tein tarde polos lados
e puntos suspensivos calcados do refrigerados dun cañón

o canto parou sin rematar

CANTO PARA TER FAVORES DE VENUS

CÁNTOCHE aposta para ter os teus favores deusa
gran cousa é abondar o teu seo a vrao vido
namais chegarlle terte a toda ti por beira
xa señas nova e noiva de en por hoxe
xa señas diaria miña sola sempre.

Longuismo labiolingua lambe lua
sal quente e nembro a nembro atopa todo
para perdelo e volver de novo novamente
clameando chamando en chama pedindo
un novo intre aquíl tan prometido
cando eramos ninos do sol soltos polos soutos
perdidos e certismos de atoparte oh núa.

d o n d a
d o n d a

cómo

cómo

d o b l a s
d o b l a s

debocas pra miña boca
pasas a un ora por toda a miña pel

e s b a r a s

oc
roch
axustas como un broche
roch
oc

FOLLAS DE CANTIGA

**SEGÚN a tarde vai caíndo
 Vánseme sumindo
 Os soños na sombra e vai rubindo
 a door.
 Según a noite vai entrando
 Vánseme afogando
 Os soños na sombra e vai medrando
 a door.
 Según a noite vai enchendo
 Vánseme perdendo
 Os soños na sombra e vai podendo
 a door
 1954.**

NON estás

**e nin casa
 nin país
 nin chegar
 é chagada.**

**Cor non está
 Ponte
 Xunto á noite.**

/

**CAVAR en cova.
 Door abonda!
 Door deixa!
 Son alma feita.**

**BRANCA, Uxío i Arturo
 quedaranse no Futuro
 quedaredes no Futuro
 pra que siga o Pasado
 e ti Galicia a durar
 aunque se funda o lousado
 e caia neve no lar.
 Aunque se funda o lousado
 e se descubra o faiado.
 No coarto en que fun nado
 e no mesmo leito ha nevar.**

Cousos do lobo!

**Caborcos do xabarín!
 Eidos solos
 onde ninguén foi nin ha d'ir!**

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

**Baixa o lobo polo ollo do bosco
 movendo nas flairas dos teixos
 ruxindo na folla dos carreiros
 en busca de vagoada máis sola e máis medosa...**

**Rastrea
parase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca...**

**SE o pasado é pasado
i o presente é o urgente
por qué inda busca a xente
aquil soño clausurado?**

**Vido visto ben Santiago
i esa cuestión non resolta
fago camino de volta
camino de volta fago.**

**Camino de volta fago
volvo do cabo do Mundo.
Terra sólo en ti me fundo:
é a certeza que trago.**

BIBLIOGRAFÍA DO AUTOR

- NOVONEYRA, UXÍO (1955): *Os eidos*. Vigo: Galaxia.
- (1966): *Elegías del Caurel y tros poemas*. Madrid: Rialp.
- (1974): *Os Eidos 2. Letanía de Galcia e outros poemas*. Vigo: Galaxia
- (1979): *Poemas caligráficos. Vietnam canto*. Madrid: Brais Pinto, col. Cuadernos da Gadaña.
- (1981): *Os Eidos. Libro do Courel*. Vigo: Xerais, col. Grandes Mestres.
- (1987): *Bazterrak/ Os Eidos*. Pamplona: Pamiela.
- (1987): *Muller para lonxe*. Lugo: Deputación de Lugo, col. Gran Lugo de Nebra.
- (1988): *Do Courel a Compostela: 1956-86*. Barcelona: Sotelo Branco, col. Vento que Zoa.
- (1990): *O cubil do xabarín*. Zaragoza: Edelvives.
- (1990): *Os Eidos*. Vigo: Xerais, col. Biblioteca das Letras Galegas.
- (1991): *Tempo de elexía*. A Coruña: Vía Láctea, col. Merlín e Familia.
- (1992): *Gorgorín e Cabezón*. Zaragoza: Edelvives.
- (1994): *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*. A Coruña: Espiral Maior.
- (1995): *Camelio xaponés*. Santiago: Consorcio de Santiago.

- (1998): *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarán*. Zaragoza: Edelvives.
- (1998): *Dos sonhos teimosos*. Santiago: Noitarenga.
- (1999): *Onde só queda alguén para aguantar dos nomes*. Santiago: Noitarenga.
- (1999): *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*. A Coruña: Hércules, col. Ámeto Mítico.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO, FRAN (2010): *Folerpas de Novoneyra. Biografía e antoloxía*. Vigo: Xerais.
- BLANCO, CARMÉ (2010): *Novoneyra. Un cantor do Courel a Compostela. O poeta nos lugares dos seus libros*. A Coruña: Toxosoutos.
- BLANCO, CARMÉ e RODRÍGUEZ FER, CLAUDIO (1990): *O Eidos*. Vigo: Xerais.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, XOSÉ LOIS (2010): *Uxío Novoneyra. Revisitado*. Vigo: Xerais.
- GARCÍA NEGRO, PILAR (2005): “Uxío visto por el propio” En *Escrita Contemporánea. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*. Asociación de escritores en Lingua galega en liña: <http://www.aelg.org/resources/publications/1193125439745EscritaContemporanea5.pdf>.
- ÍNSUA, EMILIO XOSÉ (2005): “Algunhas reflexións sobre a figura e a obra de Uxío Novoneyra”. En *Escrita Contemporánea. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*. Asociación de escritores en Lingua galega en liña: <http://www.aelg.org/resources/publications/1193125439745EscritaContemporanea5.pdf>.
- LOPO, ANTÓN (2010): *A distancia do lobo. Biografía de Uxío Novoneyra*. Vigo: Editorial galaxia
- MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (1984): *De pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais
- PATIÑO, ANTÓN (2005): “Teoría do Intre”. En *Escrita Contemporánea. Uxío Novoneyra. A emoción da terra*. Asociación de escritores en Lingua galega en liña: <http://www.aelg.org/resources/publications/1193125439745EscritaContemporanea5.pdf>.

PÁXINAS WEB DE INTERESE PARA PESCUCHAR MÁIS INFORMACIÓN E CURIOSIDADES

- <http://www.uxionovoneyra.com/>
- http://gl.wikipedia.org/wiki/Ux%C3%ADo_Novoneyra
- http://www.diasletrasgalegas.com/homenaxeado/ux%C3%ADo-novoneyra_2010
- http://www.bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=Ux%EDNovon&alias=Ux%EDo+Novoneyra
- <http://www.prazadasletras.org/letras/autores/autor/123/uxio-novoneyra>
- http://www.galespa.com.ar/uxio_novoneyra_biografia.htm

http://wapedia.mobi/gl/Ux%C3%ADo_Novoneyra
<http://sites.google.com/site/recursosletrasgalegas/Home/uxio-novoneyra>
<http://boards1.melodysoft.com/Caurel/uxio-novoneyra-poeta-e-decisor-39955.html>
http://lenda.iespana.es/revista3/uxio_novoneyra.htm
<http://www.youtube.com/watch?v=cGBHtVirQyQ>
<http://video.google.es/videoplay?docid=3901408941423538012&ei=7caPS8GFFoGq-AbfrKDzCA&q=Ux%C3%ADo+Novoneyra&client=firefox-a#>
http://www.youtube.com/watch?v=K8_jFWgaBWg
<http://www.youtube.com/watch?v=P7GliVWsBMA>
http://www.culturagalega.org/avg/extra_audiovisual_estreas.php?Cod_extrs=3622
<http://documentalnovoneyra.blogaliza.org/>
<http://www.youtube.com/watch?v=DNYFD7n3DZw>